

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto lei 14/1999, do 17 de setembro, sobre sinatura electrónica e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.8.<sup>a</sup>, 18.<sup>a</sup>, 21.<sup>a</sup> e 29.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento regulamentario.*

1. O Goberno adaptará a regulación regulamentaria do documento nacional de identidade ás previsións desta lei.

2. Así mesmo, habilítase o Goberno para dictar as demais disposicións regulamentarias que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DE FACENDA

**23400** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 895/2003, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre beneficios fiscais aplicables ó «Ano Santo Xacobeo 2004».* («BOE» 304, do 20-12-2003.)

Advertido erro no Real decreto 895/2003, do 11 de xullo, polo que se desenvolve a disposición adicional segunda da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, sobre beneficios fiscais aplicables ó «Ano Santo Xacobeo 2004», publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 10, do 1 de agosto de 2003, e na súa corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 11, do 1 de setembro de 2003, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 1991 do anexo, deben inserirse os seguintes termos municipais:

Comunidade Autónoma de Castilla y León.  
Provincia de Burgos:

A continuación de «Redecilla del Camino», debe figurar «Redecilla del Campo».

Provincia de Palencia:

A continuación de «Población de Campos», debe figurar «Pozo de Urama» e a continuación de «Villalcázar de Sirga», deben inserirse «Villalcón» e «Villalumbroso».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**23402** *REAL DECRETO 1698/2003, do 12 de decembro, polo que se establecen disposicións de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún.* («BOE» 304, do 20-12-2003.)

O vixente sistema comunitario de etiquetaxe da carne de vacún está constituído polo Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de xullo de 2000, que establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, e polo Regulamento (CE) n.º 1825/2000 da Comisión, do 25 de agosto de 2000, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1760/2000 do Parlamento Europeo e do Consello, no que respecta á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún.

O primeiro regulamento citado derogou o Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, do 21 de abril de 1997, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina e relativo á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún, e o segundo ó Regulamento (CE) n.º 1141/97 da Comisión, do 23 de xuño de 1997, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 820/97 do Consello, no que concirne á etiquetaxe da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún. Para a mellor comprensión e a aplicación en España destes dous últimos regulamentos, aprobouse o Real decreto 2071/1999, do 30 de decembro, polo que se establecen as normas internas de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, que quedou, por tanto, obsoleto.

Este real decreto, que derroga o Real decreto 2071/1999, do 30 de decembro, establece disposicións de aplicación da normativa comunitaria vixente, sen prexuízo da directa aplicabilidade desta. O seu obxecto é conseguir a necesaria seguridade xurídica para os operadores comerciais e para tódolos cidadáns, así como unha maior claridade e comprensión da normativa vixente por parte dos interesados. En concreto, regúlanse determinados aspectos da etiquetaxe obrigatoria e facultativa da carne de vacún, baseados algúns en interpretacións da Comisión Europea, incluída a de carne de reses de lida e a de carne de vacún picada. Co fin de evitar tanto a competencia desleal no sector como posibles confusións nos consumidores, establécense as categorías do animal ou dos animais de que procede a carne en función do sexo e da idade. Así mesmo, regúlanse de forma detallada as obrigas dos operadores que son necesarias para garantir a trazabilidade da carne de vacún e dos produtos a base de carne de vacún. Outros aspectos que se regulan son o réxime de control, o rexistro de pregos de condicións, a colaboración entre administracións públicas e as consecuencias do incumprimento das súas obrigas polos interesados.

Todo o anterior non é óbice para a aplicación da normativa vixente, e en especial a referente ás condicións sanitarias, hixiénicas e veterinarias sobre a carne de vacún e a carne picada de vacún, así como as normas sobre as encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET), como é o caso da prevista no anexo XI do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, en relación coa inclusión dunha banda azul na etiqueta dos canais procedentes de animais ós que non é necesario retirarlle a columna vertebral, así como as normas sobre etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados e emitiu informe favorable a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ó amparo do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencias exclusivas sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e sobre sanidade exterior e bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de decembro de 2003,

## DISPÓÑO:

### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto establece disposicións para a aplicación, en todo o territorio nacional, do sistema comunitario de etiquetaxe da carne de vacún, incluída a carne de vacún picada e a carne de lida.

2. Este real decreto aplicarase sen prexuízo do disposto na normativa vixente aplicable á carne de vacún, carne de vacún picada e carne de lida, e na normativa sobre etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Autoridade competente: os órganos designados polas comunidades autónomas e a Administración xeral do Estado no ámbito das súas respectivas competencias.

b) Trazabilidade ou rastrexabilidade: o sistema que garante unha relación entre a identificación da carne e o animal ou os animais de que procede a través de tódalas etapas de produción, transformación, distribución e venda da carne de vacún, sen prexuízo do establecido no Regulamento (CE) n.º 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, se crea a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e se fixan procedementos relativos á seguridade alimentaria.

c) Número ou código de referencia: aquel número que garanta a relación:

1.º No matadoiro: entre o canal, medio canal, medios canais despezados nun máximo de tres pezas ou os cuartos e o animal de que procede.

2.º No resto de establecementos de transformación, distribución e venda: entre a carne e o animal ou o grupo de animais de que proceda.

d) Tamaño do grupo: o número de canais, medios canais, medios canais despezados nun máximo de tres pezas ou cuartos de canal, procedentes dun mesmo país de nacemento e dun mesmo matadoiro, que se despecen conxuntamente e que constitúan un só lote para a sala de despezamento, que non exceda da produción dun día.

A partir de tódolos grupos do parágrafo anterior poderán formarse novos grupos, mediante operacións de corte e picado que teñan lugar no mesmo día, sempre que os animais de que proceda a carne nacesen nun mesmo país e fosen sacrificados nun mesmo establecemento.

Cando o novo grupo formado se refira ó picado da carne, a esixencia respecto ó sacrificio dos animais refírese ó país, e mantense o resto das condicións establecidas para a formación dos grupos.

### Artigo 3. *Denominación de venda.*

Para os efectos da aplicación deste real decreto e sen prexuízo do establecido no Real decreto 1334/1999, do 31 de xullo, polo que se aproba a Norma xeral de etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos alimenticios, a denominación de venda utilizada será a seguinte:

a) No caso da carne de vacún, serán as establecidas no anexo I, relativas á categoría do animal ou dos animais de que procede a carne en función do seu sexo e idade.

b) No caso da carne de vacún picada, será «carne picada de vacún».

c) No caso da carne de reses de lida previstas no Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, polo que se fixan as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de reses de lida, será a establecida na citada norma, máis aquelas que lle sexan de aplicación de acordo co establecido na alínea a).

### Artigo 4. *Etiquetaxe obrigatoria.*

1. Na etiquetaxe da carne de vacún, excepto a carne de vacún picada, indícaranse as mencións obrigatorias seguintes:

a) O número de referencia ou código de referencia que debe relacionar inequivocamente a carne co animal ou grupo de animais de que procede.

b) O nome do Estado membro ou o terceiro país de nacemento, precedido das mencións, excluíntes entre si, «Nacido en» ou «País de nacemento».

c) Os nomes dos Estados membros ou terceiros países en que tivese lugar o engorde, precedidos dunha das seguintes mencións, excluíntes entre si: «Criado en» ou «Engordado en» ou «Cebado en» ou «País de engorde».

d) O nome do Estado membro ou o terceiro país en que tivese lugar o sacrificio, precedido da mención «Sacrificado en», seguida do número de autorización sanitaria do matadoiro.

e) O nome do Estado membro ou o terceiro país en que tivese lugar o despezamento, precedido da mención «Despezamento en», seguida do número ou dos números, se é o caso, de autorización sanitaria da sala ou salas de despezamento.

No caso de que o animal permanecese menos de 30 días no Estado membro ou terceiro país de nacemento ou no Estado membro ou terceiro país de sacrificio, non será necesario indica-lo dito Estado membro ou terceiro país na etiquetaxe como país de engorde.

No caso de a carne de vacún proceder de animais nados, criados e sacrificados no mesmo Estado membro ou no mesmo terceiro país, as mencións referidas ó Estado membro ou terceiro país de nacemento, engorde e sacrificio poderanse substituír polo nome do dito Estado membro ou terceiro país precedido da mención «Orixe» e o número de autorización sanitaria do matadoiro.

2. Para a carne de reses de lida definida de acordo co establecido no Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, polo que se fixan as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de carnes de reses de lida:

a) O número de referencia, establecido no punto 1.a) será o código de identificación do animal establecido no artigo 5 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina.

b) O número de autorización sanitaria do matadoiro será substituído polo número asignado ó lugar en que se desenvolva o espectáculo taurino ou festexo popular asignado na base de datos de identificación e rexistro

de bovinos establecida no artigo 12 do Real decreto 1980/1998, do 18 de setembro.

No caso de que o despezamento dos animais se realice nalgún dos establecementos recollidos no artigo 3.5.a) e b) do Real decreto 260/2002, do 8 de marzo, indicárase, ademais, o número ou os números de autorización sanitaria dos ditos establecementos.

3. Para a carne de vacún picada indicáranse, polo menos, as seguintes mencións:

a) O número de referencia ou código de referencia que debe relacionar inequivocamente a carne co animal ou grupo de animais de que procede.

b) A mención «Producido en», seguida do nome do Estado membro ou do terceiro país de elaboración.

c) O nome do Estado membro ou terceiro país en que tivese lugar o sacrificio, precedido da mención «Sacrificado en» ou «País de sacrificio».

d) Os países de nacemento e engorde dos animais cando non coincidan co país de produción ou elaboración da carne picada.

Aplicáranse, así mesmo, as indicacións anteriores á etiquetaxe da carne picada que conteña mestura de carne de vacún con outras especies animais, cando o contido de carne de vacún sexa superior ó 50 por cento.

4. A carne de vacún importada na Unión Europea na cal non estea dispoñible a información prevista neste artigo levará na etiqueta a indicación «Orixe: non comunitaria» e «Lugar de sacrificio: (nome do terceiro país)».

5. En tódolos casos se indicará o nome completo do Estado membro ou terceiro país.

#### Artigo 5. *Trazabilidade.*

1. Con obxecto de garanti-la trazabilidade da carne de vacún, establécense as seguintes obrigas:

a) No matadoiro etiquétaranse, cada canal e medio canal, na cadea de sacrificio, e cada medio canal despezado nun máximo de tres pezas ou cuarto de canal, o máis pronto posible de maneira que exista unha relación inequívoca co animal do cal proceden mediante un sistema que permita garantir esa relación en todo momento.

b) En tódalas fases de produción e venda deberase aplicar ós canais, medios canais, medios canais despezados nun máximo de tres pezas, cuartos de canal e pezas de carne unha etiquetaxe con, polo menos, as mencións obrigatorias do artigo 4. Non obstante, no punto de venda, nos produtos non preenvasados, poderase subministra-la información obrigatoria da etiquetaxe por escrito e de maneira visible para o consumidor, sempre e cando poida relacionarse cada peza de carne co código de referencia do animal ou grupo de que procede.

c) Cada establecemento incorporará á etiqueta unicamente as mencións que lle correspondan de acordo coa súa actividade segundo a súa autorización sanitaria.

d) Tódolos axentes económicos e as organizacións, ademais de cumpriren co sistema de etiquetaxe, disporán, nas diversas fases de produción e venda, dun sistema de rexistro completo de entradas e saídas, a que se refire o artigo 1 do Regulamento (CE) n.º 1825/2000, que conteña, polo menos, os seguintes puntos:

1.º En matadoiro indicárase:

En entradas:

Número ou código de referencia relacionado co número de identificación do animal.

Número de identificación do animal se non coincide co número de referencia.

Código da explotación de orixe do animal.

País de nacemento do animal.

País ou países de engorde do animal.

En saídas:

Data de sacrificio.

Idade e sexo do animal de que procede o canal.

Data de saída dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.

Peso dos canais, medios canais, medios canais divididos e un máximo de tres anacos e cuartos de canal.

Establecemento de destino dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.

2.º En sala de despezamento indicárase:

En entradas:

Mencións obrigatorias da etiqueta que portan os canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.

Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia.

Data de chegada dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.

Peso dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal.

En saídas:

Número ou código de referencia, asignado pola sala ás pezas de carne, relacionado cos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos e cuartos de canal de que proceden.

Data de despezamento.

Data de saída das pezas de carne.

Peso das pezas.

Establecemento de destino das pezas de carne.

3.º En almacén frigorífico indicárase:

En entradas:

Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia.

Número ou código de referencia que portan os canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.

Data de chegada dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.

En saídas:

Data de saída dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.

Establecemento de destino.

4.º En establecemento de elaboración de carne picada indicárase:

En entradas:

Número ou código de referencia que porta a carne.

País de sacrificio.

País de nacemento dos animais de que procede a carne.

Países de engorde dos animais de que procede a carne.

Nome e número de autorización sanitaria dos establecementos de procedencia.

Peso dos lotes de carne.

Datas de chegada da carne.

En saídas:

Número ou código de referencia asignado ó lote pola industria de elaboración.



Data de elaboración, en caso de que se prevea a súa indicación na etiqueta.

Datas de saída da carne picada.

Peso dos lotes de carne picada.

Establecementos de destino.

5.º No punto de venda ó consumidor final indícase:

En entradas:

Mencións obrigatorias da etiqueta que portan os canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas de carne.

Nome e número de autorización sanitaria do establecemento de procedencia.

Peso dos canais, medios canais, medios canais divididos nun máximo de tres anacos, cuartos de canal e pezas.

Data de chegada.

En saídas:

Data final de venda, sendo esta o último día de venda da carne correspondente a un número de referencia, excepto no caso de presentación en produtos preenvasados, que se anotará a data de posta á venda da carne referida a un número de referencia.

Non obstante, nos establecementos de venda ó consumidor final, o sistema de rexistro completo poderá consistir no arquivo, á disposición inmediata da autoridade competente cando esta o requira, dos documentos comerciais acreditativos da procedencia da carne de vacún, sempre que o proveedor fixese constar neles as mencións da etiquetaxe obrigatoria e o retalista inclúa a data inicial de chegada do canal, medio canal, medio canal dividido nun máximo de tres pezas, cuarto de canal ou peza de carne ó establecemento e a data final de venda, excepto no caso de presentación en barquetas, en que se indicará a data de posta á venda para permitir á autoridade competente coñecer en calquera momento qué canais ou pezas se encontraban á venda nun determinado día.

2. Os rexistros establecidos conservaranse por un período mínimo de tres anos, excepto para os establecementos de venda ó consumidor final, que se conservarán como mínimo durante un ano.

3. Os axentes económicos e organizacións deberán transmitir ó longo de toda a cadea de comercialización os datos de idade e sexo necesarios para a correcta aplicación do artigo 3.

#### Artigo 6. *Etiquetaxe facultativa.*

1. Entenderase por indicación adicional aquela, distinta das mencións obrigatorias previstas na lexislación vixente, que se refira a determinadas características ou condicións de produción da carne etiquetada ou do animal ou animais de que proceda. As ditas mencións deben ser, en todo caso, obxectivas e demostrables.

A inclusión na etiquetaxe da categoría do animal de que procede a carne distinta da denominación de venda establecida no artigo 3 será considerada indicación adicional. A este respecto, enténdese por categoría do animal aquela denominación dada ó animal en función do seu sexo e da súa idade. Sempre que se indique a categoría do animal, indícase o seu sexo e idade.

2. Os axentes económicos ou organizacións que desexen incluír nas etiquetas da carne de vacún que comercialicen, co seu nome ou logotipo, indicacións adicionais deberán presentar un prego de condicións que inclúa tódolos requisitos previstos no artigo 16 do Regu-

lamento (CE) n.º 1760/2000. A solicitude de aprobación e rexistro do prego de condicións será dirixida á autoridade que resulte competente segundo o domicilio social do axente económico ou organización, excepto se algunha das mencións que se desexen incluír na etiquetaxe fai referencia a un nome xeográfico, nese caso será presentada ante a autoridade que resulte competente segundo a situación do lugar xeográfico mencionado. A autorización do prego de condicións será válida en todo o Estado.

3. Unha vez autorizado o prego de condicións pola autoridade competente, os axentes económicos ou organizacións poderán utiliza-las mencións facultativas na etiquetaxe cando obtivesen o oportuno certificado de conformidade emitido polo organismo de control designado, ó que se fai referencia no artigo 7.1.

4. En ningún caso se poderá facer referencia, na etiquetaxe facultativa, a características que toda carne posúa intrinsecamente, destacándoas coma se fosen particulares desa carne concreta, así como tampouco non se poderá facer referencia a condicións de sanidade animal ou salubridade do produto, nin a calidades ou características que se atribúan á carne ou ós animais de que procede debidas ó cumprimento da lexislación vixente.

5. A marca comercial ou a razón social non conterán indicacións gráficas ou escritas incompatibles co establecido neste real decreto.

6. Só se poderá incluí-la indicación «Certificado por», seguida do nome ou acrónimo do organismo independente de control e, se é o caso, do seu logotipo, cando na etiqueta se inclúan indicacións adicionais e se obtivese o correspondente certificado de conformidade.

7. De acordo co establecido no artigo 16.6 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000, non poderán ser utilizados na etiquetaxe facultativa de carne de vacún os nomes de rexións, localidades, comarcas ou accidentes xeográficos, salvo que se dean simultaneamente as seguintes condicións:

a) Que o nome xeográfico non estea reservado para carnes de vacún no marco do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

b) Que o lugar xeográfico mencionado se determine con suficiente exactitude no prego de condicións de maneira que non dea lugar a confusión ou a dificultades no control.

c) Que o nacemento e o engorde dos animais de que proceda a carne ocorresen no lugar xeográfico indicado, ou que, non nacemento no dito lugar, se engordasen neste polo menos catro meses, se os animais se sacrifican con menos de 12 meses, ou seis meses nos demais casos. Neste segundo caso en que o animal non naceu no lugar de engorde, o lugar xeográfico só poderá ir precedido da mención «Engordado en» ou «Cebado en», seguida do número de meses de engorde.

8. Antes do 31 de xaneiro de cada ano, o axente económico ou organización comunicarlle á autoridade competente, para efectos meramente estatísticos, a información sobre volume de carne comercializada ó amparo dun prego de condicións de etiquetaxe facultativa durante o ano anterior.

#### Artigo 7. *Control.*

1. O sistema de control da etiquetaxe facultativa que os axentes ou organizacións se propoñan aplicar en tódalas fases de produción e venda incluírá controis

a cargo dun organismo independente de control nomeado polo axente económico ou organización, o cal levará a cabo con regularidade controis ó chou, sobre a base dunha análise de riscos.

2. O organismo independente de control terá que se acreditar no cumprimento da norma EN-45011, para cada prego de condicións en que sexa designado, polas entidades de acreditación reguladas na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo II do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, no prazo que establece a autoridade competente e, en calquera caso, antes de 24 meses desde a autorización do prego de condicións considerado. Se transcorre o dito prazo sen que o organismo independente de control obtivese a acreditación para o prego considerado, a autoridade competente revogará a súa autorización.

3. Os organismos independentes de control deberán informa-la autoridade competente que autorizou o prego de condicións da emisión do certificado de conformidade de acordo co recollido no artigo 6.3, así como da obtención da acreditación da entidade de acreditación e, se é o caso, da súa perda. Tamén informarán a autoridade competente, polo menos unha vez ó ano, sobre as actuacións realizadas no ámbito de cada prego de condicións que certifiquen.

4. Se a raíz das actuacións de supervisión as autoridades competentes detectasen anomalías en relación coa actuación de axentes económicos ou organizacións responsables de pregos de condicións autorizados por outra comunidade autónoma, ou coa dos correspondentes organismos independentes de control, informarase dos feitos a comunidade autónoma que autorizou o prego de condicións.

5. As autoridades competentes elaborarán conxuntamente, en colaboración cos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, un plan anual de controis do sistema de etiquetaxe da carne de vacún, establecido neste real decreto, para o cal terán en conta os resultados dos controis do ano anterior.

#### Artigo 8. *Deber de información.*

Para dar cumprimento ó establecido o artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1825/2000, sobre comunicacións á Comisión Europea, as comunidades autónomas comunicarán ós ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo o nome das autoridades competentes para efectos da aplicación do sistema de etiquetaxe previsto no Regulamento (CE) n.º 1760/2000, así como as disposicións de aplicación adicionais e, en particular, as relativas ós controis que se deberán efectuar e as sancións que se impoñan.

Así mesmo, as comunidades autónomas manterán actualizada cunha periodicidade mensual as comunicacións sobre pregos de condicións autorizados no seu ámbito territorial incluíndo, polo menos, a marca, o nome e a razón social do axente económico, a data de autorización ou revisión e a data de baixa, se é o caso, as mencións autorizadas e o organismo independente de control designado.

#### Artigo 9. *Rexistros e publicidade.*

1. Créase no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, adscrito á Dirección xeral de Gandería, o rexistro xeral de pregos de condicións de etiquetaxe facultativa de carne de vacún. O dito rexistro incluírá os datos que se indican a continuación:

a) Os pregos de condicións de etiquetaxe facultativa de carne de vacún aprobados e rexistrados polas autoridades competentes, en particular, os axentes econó-

micos ou organizacións solicitantes da autorización da etiquetaxe, os organismos independentes de control ou, se é o caso, os órganos das autoridades competentes que realicen o control, e a relación das mencións autorizadas.

b) Os pregos de condicións de etiquetaxe facultativa de carne de vacún aprobados por outros Estados membros ós axentes que pretendan comercializar en territorio español, e que fosen recoñecidos segundo o establecido no artigo 16.3 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000.

c) As notificacións da Comisión Europea relativas ás autorizacións de pregos de condicións de etiquetaxe facultativa concedidas por terceiros países.

2. Na páxina da internet do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicarase o contido resumido de cada prego de condicións, para coñecemento do resto de autoridades competentes e de calquera interesado.

#### Artigo 10. *Réxime sancionador.*

1. As autoridades competentes aplicarán as seguintes medidas previstas nos regulamentos (CE) n.º 1760/2000 e 1825/2000:

a) A revogación da autorización do prego de condicións ou a imposición de condicións suplementarias para a manter en caso de incumprimento do establecido no dito prego de condicións de etiquetaxe facultativa polo axente económico ou organización,

b) A retirada do mercado da carne ata que se volva etiquetar de conformidade co previsto nos mencionados regulamentos cando a carne de vacún fose etiquetada: sen respecta-lo sistema de etiquetaxe obrigatoria ou, en caso de se aplica-lo sistema facultativo, sen respecta-lo prego de condicións ou sen que exista un prego de condicións aprobado.

Non obstante, se a carne considerada se axusta a tódalas normas veterinarias e de hixiene vixentes, as autoridades competentes poderán autorizar que a dita carne sexa destinada directamente á súa transformación en produtos a base de carne, con exclusión dos produtos a que se refire o artigo 12 do Regulamento (CE) n.º 1760/2000, sen prexuízo das sancións que lle sexan de aplicación.

2. Así mesmo serán de aplicación as sancións establecidas na Lei 8/2003, do 24 de abril, do sanidade animal, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo da aplicación, se é o caso, do establecido na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, en relación coas actuacións dos organismos independentes de control.

#### Disposición adicional única. *Desenvolvemento e coordinación.*

Constitúese, para o seguimento e coordinación das actuacións previstas neste real decreto, unha mesa de coordinación de trazabilidade de produtos de orixe animal, coa participación de representantes dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo e das comunidades autónomas.

#### Disposición transitoria única. *Normas relativas ós pregos de condicións.*

1. A partir da entrada en vigor deste real decreto, as autoridades competentes, respecto ós pregos de con-

dicións autorizados con anterioridade á súa entrada en vigor, serán as que resulten en cada caso de aplica-los criterios establecidos no artigo 6.2.

2. En caso de que un prego de condicións xa autorizado antes da entrada en vigor deste real decreto deba ser adaptado ó disposto nel, a autoridade competente establecerá un prazo para iso que en ningún caso poderá ser superior a un ano desde a súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o Real decreto 2071/1999, do 30 de decembro, polo que se establecen normas internas de aplicación dos regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún, e calquera outra norma de igual ou inferior rango que se opoña ó establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltanse os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, no ámbito das súas competencias, para adoptaren as medidas necesarias para a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase de conformidade co disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ó Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases e coordinación xeral da sanidade e da sanidade exterior.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 12 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno  
e ministro da Presidencia,  
JAVIER ARENAS BOCANEGRA

## ANEXO I

### Denominación de venda

Denominación de venda aplicable á carne de vacún en relación coa categoría do animal establecida en función do seu sexo e idade:

Denominación de venda	Sexo	Idade
Tenreira. Anello.	Macho ou femia. Macho ou femia.	Ata 14 meses. Maior de 14 ata 24 meses.
Xovenco ou xovenca. Cebón.	Macho ou femia. Macho castrado.	Maior de 24 ata 48 meses. Menor ou igual a 48 meses.
Boi. Vaca. Touro.	Macho castrado. Femia. Macho.	Maior de 48 meses. Maior de 48 meses. Maior de 48 meses.

# MINISTERIO DE FACENDA

**23507** *ORDE HAC/3578/2003, do 11 de decembro, pola que se desenvolve o Regulamento xeral de recadación na redacción dada polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro, e se modifica a Orde do 15 de xuño do 1995, en relación coas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria. («BOE» 306, do 23-12-2003.)*

A Lei 1/1998, do 26 de febreiro, de dereitos e garantías dos contribuíntes (BOE do 27 de febreiro), no seu artigo 20, dispón expresamente que a actuación da Administración tributaria ten que estar encamiñada a facilitarles en todo momento ós contribuíntes o cumprimento das súas obrigas fiscais de forma que, cando se requira a súa intervención, esta resulte o menos gravosa posible.

Un modo esencial de axusta-la actuación administrativa a este principio rector consiste en xeneralizar todo o posible o pagamento das débedas tributarias a través das entidades de depósito autorizadas para actuar como colaboradoras na xestión recadatoria, relegando a un carácter meramente excepcional e residual aqueles casos en que o ingreso no servizo de caixa resulte obrigatorio.

Posto que a inmensa maioría das entidades financeiras que operan en territorio nacional teñen a condición de colaboradoras, a implantación desta medida traducirase nun grande aumento do número de oficinas en que os contribuíntes poderán realiza-los seus respectivos ingresos.

En consonancia con esta filosofía debe entenderse a recente modificación do Regulamento xeral de recadación levada a cabo polo Real decreto 1248/2003, do 3 de outubro (BOE do 15 de outubro), que, en primeiro lugar, determina que o importe das liquidacións practicadas pola Administración como consecuencia de débedas de comercio exterior, que ata agora se debía ingresar obrigatoriamente nas caixas das aduanas, se realizarán a través das entidades colaboradoras.

Por outra banda, a aludida modificación regulamentaria veu habilita-las entidades colaboradoras para admitir todo tipo de ingresos, coa única excepción daqueles que o ministro de Facenda determine expresamente que deban realizarse a través do servizo de caixa. Na actualidade non existen razóns que xustifiquen que deban ingresarse con carácter obrigatorio no servizo de caixa ningunha declaración-liquidación, autoliquidación ou liquidación practicada pola Administración. Por iso, esta disposición non establece suposto ningún neste sentido, de xeito que, a partir da súa entrada en vigor, todos estes ingresos serán realizados a través das entidades colaboradoras.

Sen embargo, para que se poidan efectuar nas ditas entidades tanto os ingresos procedentes das débedas de comercio exterior coma aqueles que, con anterioridade á mencionada modificación do Regulamento xeral de recadación, se tiñan que realizar no servizo de caixa, resulta imprescindible levar a cabo unha serie de adaptacións instrumentais, documentais e técnicas que permitan a execución práctica da previsión considerada.

En tal sentido, esta orde ministerial establece un novo modelo de carta de pagamento para formaliza-lo ingreso das liquidacións practicadas pola Administración relativas a débedas de comercio exterior, denominado modelo 031.

Co fin de recolle-los cambios anteriormente sinalados, cómpre modifica-las disposicións e as especificacións